



UNHA TESE DE DOUTORAMENTO ANALIZA OS FACTORES DE RISCO DOS EFECTOS ADVERSOS ONCOLÓXICOS NA CIRURXÍA DE CANCRO DE RECTO

- *O especialista en cirurxía xeral e dixestiva, Vincenzo Vigorita, acaba de obter o doutoramento con sobresaliente cum laude por esta investigación*
- *O estudo analizou unha serie de variables demográficas, preoperatorias, cirúrxicas e anatomopatolóxicas en 445 pacientes operados de cancro rectal, para coñecer o seu impacto na curación da enfermidade e na supervivencia global*
- *A conclusión é que no cancro de recto existen determinados factores de risco que inflúen na evolución e prognóstico da enfermidade*

Vigo, 9 de febreiro de 2023. O especialista en Cirurxía xeral e dixestiva do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, Vincenzo Vigorita, acaba de obter o doutoramento con *sobresaliente cum laude* pola Universidade de Santiago de Compostela, pola súa tese sobre cirurxía de cancro de recto.



O obxectivo desta investigación era estudar “os factores de risco de efectos adversos oncolóxicos que inflúen na evolución e prognóstico da cirurxía de cancro de recto”.

Para isto, o doutor Vigorita analizou retrospectivamente unha serie de variables demográficas, preoperatorias, cirúrxicas e anatomopatolóxicas en 445 pacientes diagnosticados de cancro rectal e intervidos con intención curativa no período 2008-2017 no servizo de Cirurxía xeral e dixestiva do Chuvi. A finalidade principal desta análise era coñecer a influencia e o impacto de cada unha destas variables na



supervivencia libre de enfermidade; isto é, o tempo despois do tratamento durante o que non se detecta ningún signo de cancro.

O cancro de recto constitúe aproximadamente a terceira parte dos cancros colorrectais diagnosticados no noso medio. En España, estas patoloxías representan o primeiro cancro por incidencia e o segundo por mortalidade.

Nos últimos anos a introdución da extirpación do mesorrecto - tecido graxo que rodea ao recto e contén os vasos rectais e linfáticos-; a abordaxe multidisciplinar; o tratamento individualizado e os cuidados perioperatorios, modificaron substancialmente o prognóstico dos pacientes intervidos por cancro rectal.

Conclusións: existen factores de risco

Como conclusións desta investigación o doutor Vigorita asegura que "no cancro de recto hai factores prognósticos que inflúen na evolución e prognóstico da enfermidade, e a súa presenza é fundamental para identificar a pacientes susceptibles dun seguimento máis estrito e dun tratamento postoperatorio máis agresivo. Tamén se comprobou que ter unha unidade especializada é fundamental para manter altos estándares oncolóxicos".

Neste senso, cabe subliñar a constatación de diversas variables que resultaron ser factores prognósticos: localización tumoral no terzo rectal inferior, tumor pobremente diferenciado, perforación rectal, marxe circunferencial afectado, invasión perineural, necesidade transfusión perioperatoria e calidade mesorrectal insatisfactoria.

Proposta sistema de estadiaxe

Ademais, outro dos obxectivos desta tese era validar os sistemas de estadiaxe deste tipo de cancro.

A estratificación é un xeito de describir un cancro. O estadio indica onde se atopa, o seu tamaño, ata onde creceu nos tecidos adxacentes ou se hai diseminación aos ganglios linfáticos ou a outras partes do corpo. Unha correcta estratificación axuda aos facultativos a planificar o mellor tratamento, que pode incluír o tipo de cirurxía, e debe utilizarse quimioterapia e/ou radioterapia.

Ante a controversia existente sobre a capacidade prognóstica da estratificación ganglionar postoperatoria do sistema convencional (TNM), estudáronse outros sistemas como o *Logaritmo de Ganglios Linfáticos Positivos* (LODDS). "Este sistema, que non se utiliza rutinariamente, debería ser empregado, xa que proporciona un valor predictivo máis preciso nos pacientes con ganglios negativos, e probablemente poida identificar a pacientes que se poidan beneficiar dun seguimento oncolóxico máis estrito", explica Vincenzo Vigorita.



340 cirurxías anuais de cancro colorrectal

Nestes momentos no CHUVI realízanse ao redor de 340 cirurxías de cancro colorrectal anuais -das que aproximadamente un cento son rectos- unha cifra das máis altas a nivel nacional en relación co volume de casos atendidos.

A Unidade de Coloproctoloxía do complexo hospitalario vigués, que depende do Servizo de Cirurxía Xeral e Dixestivo, cumpre os máis altos estándares de calidade, o que lle valeu a acreditación en nivel avanzado pola *Sociedad Española de Coloproctología*. Isto a converte nun referente nacional nas patoloxías de colon, recto e ano.